

Rapana venosa (Valenciennes, 1846)



Clasificación

Reino Animalia
Filum Mollusca
Clase Gastropoda
Subclase Caenogastropoda

Orde Neogastropoda
Superfamilia Muricoidea
Familia Muricidae
Subfamilia Rapaninae

Descrición

Concha grande e redondeada de enrolamento destro, case tan longa como ancha, de ata 18 cm de altura; espiral e canle sifonal curtos; sutura con protuberancias marcadas. Cor marrón avermellada ou verdosa con veas de cor negra; boca e columela laranxas.

Hábitat e Bioloxía

Especie de crecemento rápido, alta fertilidade e tolerancia a baixas salinidades, á contaminación e aos déficits de osíxeno. Especie dioica, con sexos separados. As postas teñen lugar de abril a xullo. Cada femia pon 50-500 cápsulas pegadas ao substrato, cada unha delas pode conter 200-1000 embrións desenvolvéndose. As larvas son peláxicas, durante un período máximo de 80 días, normalmente durante 2-3 semanas. Especie costeira sobre substratos rochosos, de area e lodo. No Mar Negro alcanza ata os 40 m de profundidade. Tola amplios rangos de temperatura, entre 4 e 27 °C e entre 25 e 32 ‰ de salinidade.

Distribución

Especie orixinaria do Pacífico oeste: Mar de Xapón, Mar Amarelo e este de o Mar de China ata Taiwan. Introducida no Mar Negro en 1947 e esténdese posteriormente polas costas do Mediterráneo, Bretaña francesa, Mar do Norte e Galicia e Atlántico occidental, Estados Unidos, Arxentina e Uruguai. En Galicia cóñécense varios exemplares capturados todos na Ría de Arousa.



Curiosidades

Os exemplares adultos son predadores de bivalvos (ostras, mexillóns, berberechos, ameixas etc.) e por tanto, potencialmente daniños sobre as poboacións de bivalvos de interese comercial. A presenza de zonas areosas e ampla abundancia de bivalvos, a súa principal presa, como sucede en Galicia, favorecen o asentamento e propagación da especie.